

OBRA E AUTOR

: *El nombre de la rosa*, de Umberto Eco.



DE QUE VAI

: Un monxe e o seu axudante Adso chegan a unha abadía e deben destramar o misterio dunha serie de mortes que acontecen e que parecen levar o selo do diaño, e xiran arredor dunha estraña biblioteca. Todo isto mentres un importante conclave relixioso ten lugar no mosteiro.

TÍTULO

: Moi adecuado e coherente co sentido da obra. Un misterio en si mesmo, cheo de referencias intrínsecas, de tal xeito que cada lector pode acharlle un significado distinto.

ESTRUTURA

: A estrutura desta obra, ó igual que o argumento, é moi complexa, con capas superpostas como se dunha cebola se tratase. En xeral ten a aparencia dunha obra gótica, cun misterio por resolver e un ambiente tétrico. Pero a construción dos capítulos faise coincidente coas horas monásticas : prima, tercia, sexta, etc, un recurso do autor para conseguir que o lector se sinta mais integrado coa vida na abadía onde transcorre a historia. Ademais disto o escritor utiliza un recurso propio da literatura medieval que consiste en que o principio de cada capítulo o autor avanza, cos mínimos detalles posibles pero creando curiosidade no lector, o que vai ocorrer no capítulo. En xeral, toda a estrutura da obra, o uso dos tempos monásticos, os recursos medievais, a gran cantidade de datos históricos, de referencias bíblicas e históricas ou a inclusion de numerosas citas en latín están orientados a darlle o maior realismo posible a obra e a facer que a persoa que lea a novela se sinta dentro da abadía onde todo acontece e crea estar lendo un texto medieval.

ARGUMENTO

: Ten un fío argumental central, que é a serie de asasinatos na abadía, a través do cal cal o escritor reconduce a obra cada poucas páxinas, para evitar que o interés do lector decaia. Arredor dese fío argumental principal, subxacen varias historias máis, algunhas relativas o fío central, pero outras das que se fai uso para contar algo totalmente distinto, como as leas entre Franciscanos e a corte papal na época na que está ambientada a historia, finais do século XIV, ou para falar da vida naqueles días nas abadías e nas terras aledañas a elas, con profusión de detalles e referencias cruzadas. Isto fai que a novela por momentos resulte tediosa, pero ese continuo retorno o fío central, moito máis atractivo para o lector, consegue que a obra colla un interés que aumenta a par que as mortes de monxes.

CONCLUSIONES

Sen dúbida una gran obra, moi completa, cun argumento revirado, con varios misterios entrenzados os uns nos outros, os asasinatos, a labiríntica biblioteca, o libro enigmático, que con todo serven para ofrecernos en paralelo a todo isto unha visión maxistral de como era a vida na Baixa Idade Media, coas loitas intestinas da Igrexa e o cambio de ciclo histórico que percorría Europa e que podería ser perfectamente trasladado a actualidade.

Á nosa tropa de lectoras e lectores tanta cita en latín resultoulles molesta e que desviaba atención da obra, e mais no caso dos que non sabían latín nin tiñan unha edición coas citas traducidas, o que supoñía ademais perderse información e parte da historia. Tamén se lles fixo algo pesado o abuso nas descrições arredor da propia abadía, da súa construción, de todas as figuras, pinturas e demais que a adornan. Así mesmo a obra non está exenta de numerosos datos históricos que engaden unha excesiva carga á lectura, xa de por si ardua polas distintas subtramas que van aparecendo ao longo da mesma. Pero todo iso queda superado polo fascinante do misterio das mortes, de como os protagonistas van desentrañando toda a historia, os segredos da biblioteca, de como Adso vive todo iso dende un segundo plano, da situación asfixiante da abadía Non se pode ir mais aló sen desentrañar a historia, pero sen dúbida estamos ante unha gran obra literaria que vos animamos a ler.